



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Patrimonio Cultural	Código	662G01007	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Lezcano González, Mª Elvira	Correo electrónico	m.lezcano@udc.es	
Profesorado	Lezcano González, Mª Elvira	Correo electrónico	m.lezcano@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es/moodle/			
Descrición xeral	<p>Dada a amplitude de ámbitos que abarca o concepto de Patrimonio Cultural, o obxectivo fundamental da materia é aproximar ao alumno a todos eles tendo en conta a súa vinculación co fenómeno turístico.</p> <p>Ademais de proporcionar uns coñecementos básicos e xerais sobre a materia, preténdese mostrar o papel do experto en turismo en calquera programa de xestión do patrimonio e conciencialo da importancia da súa presenza no mesmo.</p>			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non haberá cambios nos contidos</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>? Metodoloxías docentes que se manteñen: Clase maxistral, titorías</p> <p>? Metodoloxías docentes que se modifican: Clase maxistral e titorías impártense de xeito on line. Estas últimas moito máis personalizadas.</p> <p>As saídas de campo ou prácticas in situ substituiranse na medida do posible, por experiencias virtuais.</p> <p>Todo o material estará a disposición do alumnado na plataforma Moodle.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Clase on line (Teams)</p> <p>Titoría (Teams e correo electrónico)</p> <p>Mantense o horario de clase</p> <p>Faranse as titorías que o alumnado precise.</p> <p>4. Modificacións na avaliación.</p> <p>Traballo tutelado 60% Elaboración dun traballo relacionado con Patrimonio e a Historia da Arte. Traballo que se fará seguindo as pautas indicadas dende o inicio do cuatrimestre.</p> <p>Proba oral 1 20% Alumnado de Grao en Turismo: Proba sobre a cidade da Coruña, en particular no monumento que teña adxudicado cada persoa nas prácticas obrigatorias da materia (Descubrir Coruña). Farase a través dunha reunión por grupos en Teams. Consiste nunha explicación e comentario a partir de imaxes.</p> <p>Alumnado do Programa de Simultaneidade de Grao en Turismo e CCEE: Proba sobre a cidade da Coruña. Proba oral sobre un barrio da cidade que se fará a medias coa materia de Inglés. Dous días antes da proba, a cada grupo de alumnos lles será asignado un barrio dos aprendidos, sobre o que deberán explicar unha parte indicada polo profesorado.</p> <p>Proba oral 2 20% Proba sobre a Catedral de Santiago e a súa contorna. Tamén se fará por medio de Teams, en grupos e a través dun comentario e explicación de imaxes. A materia avaliada e só unha quinta parte do contido total da materia.</p> <p>Observacións de avaliación: Redúcese o peso da proba ao 40% (/20% cada unha), que inicialmente era un 60%. Vese necesario comprobar o grao de coñecemento adquirido polo alumnado nesas partes da materia. Na primeira proba, (para o alumnado de Grao en Turismo) trátase de avaliar unhas prácticas que no caso de confinamento non se poderán realizar (cuxo contido explícase e prepárase na clase).</p> <p>Para o alumnado do Programa de Simultaneidade de Grado en Turismo e CCEE trátase de avaliar o coñecemento dun barrio da cidade e a capacidade de explicalo en inglés.</p> <p>Na segunda proba, avalíase unha pequena parte da materia total (unha quinta parte aproximadamente), que require duns coñecementos que han ser acompañados dunha destreza oral. Non se trata dunha proba escrita, senón dunha explicación oral dunha manifestación artística.</p> <p>As probas faranse en dous días diferentes do período de avaliación.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>A bibliografía mantense, posto que xa se lles indican antes moitas referencias on line e dáse o visto bo ao emprego da bibliografía dispoñible na rede.</p> <p>Nas clases e titorías vanse indicando numerosas referencias, que serían excesivas para enumerar aquí.</p>
-----------------------------	--





Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Definir o concepto de Patrimonio Cultural e a súa relación co turismo	A1 A3 A5 A8 A18 A29 A30 A33	B1 B2 B4 B5 B6 B7	C4
Coñecer e analizar as principais manifestacións artísticas de cada periodo histórico	A1 A8 A18 A29 A30 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C4
Estudiar os principais tipos de bens culturais e as súas características	A1 A5 A18 A23 A29 A30 A33	B1 B2 B4 B5 B6 B7	C4
Profundizar no concepto de Xestión do Patrimonio	A1 A2 A3 A8 A18 A19 A23 A29 A30 A31 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C4



Analizar e profundizar en cada unha das fases da cadea lóxica da xestión do patrimonio	A1 A2 A3 A13 A14 A18 A19 A23 A29 A30 A31 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6	C2 C4 C5 C7 C8
Definir o significado do turismo cultural e a súa relación co patrimonio	A1 A2 A3 A8 A18 A23 A27 A29 A30 A31 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C3 C4 C6
Aprender a terminoloxía artística básica no ámbito da arquitectura, escultura e pintura	A1 A8 A18 A30 A33	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C4

Contidos	
Temas	Subtemas
Bloque 1- Patrimonio cultural e Turismo.	1.1. Marco conceptual. 1.2. Clasificación dos bens culturais. 1.3.O Turismo Cultural.
Bloque 2- Especial referencia ao Patrimonio Artístico e Monumental.	2.1. O comentario da obra de arte. 2.2. Técnicas e terminoloxía artísticas. 2.3. Nocións xerais sobre os principais estilos.
Bloque 3- O Patrimonio galego.	3.1. Historia de Galicia. 3.2. Principais exemplos do patrimonio arquitectónico galego. 3.3. A cidade de A Coruña. 3.4. A Catedral de Santiago e a súa contorna.



Bloque 4- Xestión do Patrimonio:	<p>4.1. Marco conceptual.</p> <p>4.2. A protección do Patrimonio.</p> <p>4.2.1. Lexislación (Especial atención á Lei galega).</p> <p>4.2.2. Catalogación.</p> <p>4.2.3. Conservación.</p> <p>4.3. A Investigación.</p> <p>4.4. A Difusión.</p> <p>4.4.1. Patrimonio e museos (O caso galego).</p> <p>4.4.2. A Interpretación do Patrimonio.</p>
----------------------------------	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A8 A14 A18 A23 A27 A30 A31 B4 C2 C4 C5 C6 C7 C8	19	28.5	47.5
Proba mixta	A1 A2 A3 A8 A13 A14 A18 A23 A30 A31 B1 B2 B4 B6 B7 C1 C4	2	20	22
Presentación oral	A5 A8 A13 A18 A19 A29 A30 A31 A33 B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C3 C4 C8	9	13.5	22.5
Traballos tutelados	A3 A5 A8 A13 A23 A30 A31 A33 B1 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C8	5	30	35
Saídas de campo	A1 A2 A3 A5 A8 A18 A23 A30 A31 B1 B4 B5 B7 C4 C8	20	0	20
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. A asistencia á clase maxistral é obligatoria</p>
Proba mixta	<p>Proba na que se busca responder, de forma oral, a preguntas cortas ou de certa amplitude, valorando a capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de elaboración e de orixinalidade do estudante; polo que implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.</p> <p>A proba será idéntica que a do alumnado presencial.</p>



Presentación oral	<p>Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.</p> <p>A proba será idéntica que a do alumnado presencial.</p>
Traballos tutelados	<p>Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.</p> <p>O Alumnado de Modalidade On line fará o mesmo traballo, seguindo as mesmas indicacións e pautas, que aparecerán expostas en Moodle e serán explicadas polo profesorado.</p>
Saídas de campo	<p>Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos, etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos (bosquexos, deseños, etc.), etc.</p> <p>O alumnado da Modalidade On line estará exento destas saídas.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	<p>A atención personalizada poderá ofrecerse durante os seminarios e titorías, ou dun xeito individual, se se precisa por parte dos alumnos</p> <p>O alumnado de Modalidade On Line: Recibirá titorías grupais e individualizadas como orientación a través de TEAMS, así como atención por correo electrónico.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A2 A3 A8 A13 A14 A18 A23 A30 A31 B1 B2 B4 B6 B7 C1 C4	Exame escrito ou oral no que se combina o comentario de texto co recoñecemento de imaxes e preguntas específicas sobre a materia. A proba será avaliada sobre 5. Para poder sumar o resultado ao resto da porcentaxe da nota, é necesario obter, como mínimo, un 2.5 no exame.	40



Presentación oral	A5 A8 A13 A18 A19 A29 A30 A31 A33 B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C3 C4 C8	<p>Alumnado de Grao en Turismo: Descubrir Coruña: Trátase dunha práctica obrigatoria da materia. Tras un mes de formación e estudo directo dunha parte importante do patrimonio coruñés, o alumnado encargárase de guiar as visitas escolares previstas polo Concello. Na clase daranse as indicacións oportunas para a súa realización.</p> <p>Alumnado de Dobre Grao: recibirá unha formación similar sobre a cidade, da a que terá que examinarse in situ en inglés.</p> <p>As prácticas de Descubrir Coruña (Grado en Turismo unicamente), computarán ata un 30% da nota. Para o seu cálculo valorarase a avaliación que se faga de cada alumno por parte dos profesores dos grupos e da persoa coordinadora no Castelo de San Antón e Torre de Hércules, así como das avaliacións in situ da profesora. No caso dos alumnos e alumnas de Dobre Grao ese 0% procederá do examen realizado nas rúas da cidade en inglés, no que se poderá preguntar calquera parte do percorrido</p> <p>Igual que nas outras probas, cómpre superar o 50% da nota para aprobar</p>	30
Traballos tutelados	A3 A5 A8 A13 A23 A30 A31 A33 B1 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C4 C8	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p> <p>Traballo individual sobre as saídas de campo realizadas na materia, que será dinamizado nas titorías.</p>	30

Observacións avaliación

A asistencia a clase é unha obriga. Só se permite faltar, como máximo, o 25% das horas de clase. Aqueles alumnos que falten máis dese 25%, sempre por causa justificada aceptada polas normas do centro, poderán sumarse á avaliación arriba citada, acordando coa profesora as datas de exposición que lles convengan e buscando alternativas aos traballos propostos se esas causas xustificadas impídenlle realizalo.

Aqueles persoas que superen ese 25% de faltas e non podan xustificalo, deberán entregar os traballos igualmente e aprobalos, pero non computarán na nota final. A calificación obterase a través dunha proba finalna que se avaliará o 100% da materia.

Todas las probas han superar o 50% da nota para poder facer o cómputo final.

Evaluación da Modalidade de Docencia Online:

Traballo tutelado 60% Elaboración dun traballo relacionado co Patrimonio e a Historia del Arte. Traballo que se fará seguindo as pautas indicadas dende o inicio do cuadrimestre.

Proba oral 1: 20% Proba sobre a cidade de A Coruña. Proba oral sobre un barrio da cidade estudado na materia. Dous días antes da proba, a seralle asignado ao alumnado un barrio dos aprendidos, sobre o que deberán explicar unha parte indicada polo profesorado.

Proba oral 2 20% Proba sobre a Catedral de Santiago e a súa contorna. Tamén se fará por medio de Teams, a través do comentario e explicación de imaxes. Non se trata de una proba escrita, senón da explicación oral dunha manifestación artística

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - AZNAR, S. Y CÁMARA, A. (2002). Historia del Arte. UNED, Madrid - BALLART, J. e JUAN i TRESSERAS, J (2001). Gestión del Patrimonio Cultural. Ed. Ariel, Barcelona - BORRÁS,J, et al. (1996). Introducción general al arte. Ed. Istmo, Madrid - CRESPI, M. E PLANELLS, M. (2003). Patrimonio Cultural. Síntesis, Madrid - ESPINO, J. Y MORÁN, M (1996). Historia General del Arte Español. SGEL, Madrid - FATÁS , G. e BORRÁS, G (1999). Diccionario de términos de arte. Alianza Editorial, Madrid - GOMBRICH, E.H. (1996). Historia del Arte. Ed. Debate, Madrid - GONZÁLEZ, M., LEZCANO, M.E., e SERANTES, A. (2014). Interpretación do Patrimonio Artístico. Guía para profesionáís do turismo. CEIDA. Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, Oleiros - HARTT, F. (1989). Arte.Historia de la pintura, esculturaa y arquitectur. Ed. Akal, Madrid - HATJE, U. et al. (1989). Historia de los estilos artísticos (2 vols). Ed. Istmo, Madrid - JANSON, H.W. (1995). Historia General del Arte(4 vols.). Alianza Editorial, Madrid - LAJO, R. (1990). Léxico de Arte. Ed. Akal, Madrid - LEZCANO GONZÁLEZ, M.E. (2011). El Sanatorio Riazor, una auténtica experiencia interpretativa.. Boletín de Interpretación nº 25, AIP.www.interpretaciondelpatrimonio.com/boletin - MARTÍN GONZÁLEZ, J.J. (1992). Historia del Arte (2 vols.). Ed. Gredos, Madrid - MORALES, A.J. (1996). Patrimonio histórico-artístico. Historia 16, Madrid - NIETO ALCAIDE,V. et al. (2000). Historia del arte. Ed. Nerea, Madrid - PÉREZ SANTOS, E. (2000). Estudios de visitantes en museo. Metodología y aplicaciones. . Ed. Trea, Gijón - ROTH, L (1999). Entender la arquitectura, sus elementos, historia y significado. Ed. Gustavo Gilli, Barcelona - SORALUCE BLOND, J.R. (2015). Historia del Arte para incrédulos. Tórculo Eds. A Coruña - TUGORES, F. e PLANAS, R. (2006). Introducción al Patrimonio Cultural. Edics.Trea, Gijón - TILDEN, F. (2006). La interpretación de nuestro patrimonio. Asociación para la Interpretación del Patrimonio, Sevilla <p>Engadiranse referencias bibliográficas no transcurso da materia.En Moodle inclúense as referencias bibliográficas e documentos sobre A Coruña e a Catedral de Santiago</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

A asistencia ás aulas é unha obriga

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías